



INICIO CON BO SABOR NO HOTEL "VILLA DE ARES"

Mañá, martes 2 de agosto, ás 20.00 h. están citados os xogadores xuvenís do Numancia no Hotel “Villa de Ares”, patrocinador desta categoría, para efectuar a presentación da temporada 2011—12. Ares, 1 de agosto de 2011 Marcos Amor será o adestrador do Numancia xuvenil para esta nova temporada que comeza mañá co acto de presentación. Os xogadores citados son os seguintes: Continúan da temporada anterior: Carlos Arnosó, Juan Ramón Costa, Dani Cagide, Álvaro Casás, Manuel Martínez, David Amenedo, Jonhy, Brayán, Moabe e Iván Fernández.

Soben da categoría cadete: Pepe, Borja, Ricardo, Roque, Xaime e Daniel Cartelle.

Tamén están citados dous xogadores cadetes que comezarán a temporada cos xuvenís: Darío e Juan Escudero.

Por outra parte, o xogador xuvenil Quique estará a proba no Galicia de Caranza (categoría Liga Galega) durante os primeiros quince días de agosto.

Marcos indicará as sesións de adestramento previstas para esta pretemporada así como os partidos amigables, o primeiro dos cales será o que disputarán este venres, 5 de agosto, ás 19.00 h. co Eume (liga galega) no campo de Prados Vello.